

## 9. Documento Nacional de Identidade

### Comisarías de Policía

As persoas en situación de dependencia ou con grao de discapacidade que non poidan acudir á Oficina de Tramitación do Documento Nacional de Identidade (DNI), poderán solicitalo a través dun familiar ou persoa en quen delegue.

Ademais dos documentos especificados no apartado ?Renovación?, presentará na Oficina do DNI un certificado médico oficial acreditativo da devandita situación de discapacidade e os datos de filiación ou fotocopia do DNI da persoa dependente ou discapacitada. Un equipo móbil desprazarase ao domicilio da persoa con discapacidade para tramitar o DNI.